

FUNCIÓNS DO RESPONSABLE DA BIBLIOTECA ESCOLAR:

1. Elaborar o proxecto anual de biblioteca escolar atendendo aos proxectos curriculares do centro e unha memoria final.
2. Realizar o tratamento técnico dos fondos (seleccionar, organizar, clasificar e catalogar).
3. Informar ao claustro das actividades da biblioteca e integrar as súas suxestións.
4. Difundir os fondos existentes e as súas posibilidades de consulta entre toda a comunidade escolar.
5. Definir os criterios para o préstamo e atender o servizo xunto co equipo de apoio.
6. Asesorar ao profesorado en técnicas de animación á lectura, estratexias de dinamización, formación de usuarios e traballo documental, seleccionando e elaborando materiais, xunto co resto do profesorado, para a formación do alumnado nestes aspectos e a dinamización cultural do centro.
7. Coordinar o equipo de apoio á biblioteca escolar.

Funcións recollidas no Regulamento de Réxime Interno do IES de Sanxenxo no curso 2006-07, no artigo **77. DOS ÓRGANOS E FUNCIONAMENTO DA BIBLIOTECA ESCOLAR, punto 77.1 Responsable da biblioteca escolar.**